



DIETA SAUDABLE: AIRAS CATERING

Dende o mes de Maio Sarela está a traballar con Airas Catering para o noso servizo de comedor.

Para que coñezados un pouco mellor esta empresa, unha usuaria do centro realizou unha entrevista a Xabier, administrador da mesma.

P- ¿Podesme contar brevemente a historia da empresa?

R- Comezamos en 1993 cunha cafetería-pastelería e un pub, anos despois pasamos a un restaurante, que fai catro anos nos levou ó mundo do catering.

P- ¿Cantos empregados sodes?

R- Empezamos con cinco empregados e agora somos trinta e dous.

P- ¿Que tipo de clientes tedes e a que lugares prestades servizo?

R- Servimos a comedores de empresa, colexios, eventos de todo tipo e incluso programa de comida no fogar. Prestamos servizo en Oleiros, Culleredo, Carral, Santiago, Vilagarcía, Portas, Moraña, Barro, Castro Caldelas e Lugo.

P- ¿Os produtos cos que elaborades a comida os comprades vos ou volos sirven os provedores?

R- Compramos directamente as materias primas e se envían as diferentes instalacións para a súa elaboración e posterior servizo o cliente.

P- Para a elaboración de menús, ¿Qué criterios seguides?

R- A nosa nutricionista elabora os menús en función das necesidades nutricionais de cada tipo de cliente, intentando seguir as seguintes pautas: produto fresco e de calidade, produto de tempada, receitas tradicionais e produtos do país.

P- ¿Cómo valorades a experiencia do servizo que prestades a Sarela?

R- Moi positiva. Para nós supón un reto, xa que é un novo tipo de cliente o que hai que demostrar a calidade do servizo da empresa. Esperamos poder cumprir cos requisitos necesarios e prestar un servizo de calidade, xa que o prestixio da empresa está en xogo.

Por Natalia Gestoso Remuiñán.

Usuaria do Centro.



CAMPIONATO DE GOLF ADAPTADO



O pasado 25 de xuño tivo lugar o campeonato de golf adaptado realizado no Real Aereoclub de Santiago de Compostela.

Asociacións de todo Santiago déronse cita en tal evento, para demostrar todo o aprendido durante o curso, o podio estivo moi reñido xa que o nivel foi moi alto, pero Sarela tivo a honra de clasificarse co primer premio conseguido por Jesús Juan Rodríguez.

**¡Moitas
felicidades!**



Descubrir a soliedariedade

É certo que todos fomos educados na idea de que o amor polos demais, desde as súas manifestacións máis modestas, a boa educación e a cortesía, por exemplo, ata as máis heroicas e abnegadas, pasando pola soliedariedade como norma de convivencia, constitúe non só un valor estimable para as relacións humanas senón unha dimensión do propio ser de cada quen onde xustamente nos facemos máis humanos ao darmos o mellor de nós mesmos na perspectiva social do trato cos outros. Porén, tamén é certo que, mesmo por instinto de supervivencia e individualidade, levamos dentro unha pulsión egoísta que loita contra aquel outro imperativo, e no equilibrio e na tensión entre eses dous polos imos construindo a nosa traxectoria persoal, mesmo con contradicións, e tecendo un xeito peculiar de encontrarnos e compartir na comunidade. Así que, nesa tensión, quen nos rodean van sentíndonos máis ou menos educados, acoledores, solidarios, entregados..., e nós, que aspiramos a ese recoñecemento, somos en verdade distintamente merecentes del; non obstante, todas, todos, vimos reservar o mellor dos nosos afectos para os nosos seres queridos, nomeadamente para aqueles cos que convivimos en familia.

No meu caso particular, hai agora uns cinco anos, un accidente cerebro-vascular que afectou seriamente ao meu home, determinou un cambio radical na miña vida, interpelando mesmo a miña capacidade de entrega e sacrificio.

Non se trataba das emocións que provoca a contemplación do sufrimento en alguén tan próximo; tampouco da simple mágoa e dor polos soños e esperanzas que se tronzan, ou do efecto da presión de novas esixencias económicas e de dedicación. Claro que todo iso estaba aí; aínda máis, iso todo foi o primeiro a afectarme, mais non o único nin o máis grave (e falo sempre, só podo falar dela, da miña propia vivencia persoal).

Os que o temos preto, os que convivimos con el, sabemos que o dano cerebral ten, case sen excepción, unha grave repercusión na capacidade de comunicarse da persoa que o pade-

ce. Para min foi esta a consecuencia máis difícil de levar e aceptar, a que acabou por afectar a nosa convivencia familiar, por interpelar a forza das miñas conviccións e sentimentos. E nese momento apareceu na nosa vida a asociación.

Ao principio vivina como a válvula de escape, como a solución parcial e o alivio dun problema que, en canto familia, superaba as nosas forzas. Mais axiña fun descubrindo o seu significado como forma ben concreta de solidariedade, como materialización real e eficaz daqueles valores dos que falaba ao comezo. A proba é que me cambiou. Si, a medida que fun sentindo, coñecendo e apreciando o que Sarela lle daba ao meu home, fun recoñecendo o que nos dá como familia e o que me dá a min propia como persoa.

E falo máis alá da calidade técnica e terapéutica da intervención ou do rigor na xestión. Falo do exercicio de iniciativa e responsabilidade social que supón. Dese xeito pasei de recoñecer unha resposta a valorala; de valorala simplemente no plano utilitario a apreciala afectivamente; de estimala a xulgala socialmente construtiva, e de outorgarlle ese significado a, na medida das miñas discretas posibilidades, comprometerme con ela, a facer de Sarela algo de meu. Velaí, en canto ese é un camiño ben concreto, a forma en que Sarela me fai mellor e me permite vivir máis verdadeiramente aquilo en que sempre quixen crer.

Así de grande e así de sinxela é a miña experiencia; unha experiencia á que eu vos invito a todas as persoas que, desde o desafío que supón a atención ao dano cerebral, queredes protagonizar unha resposta cada día máis eficaz, mellor, e queda tanto por facer!, non só internamente, senón perante as institucións e a sociedade, e non só na atención aos afectados, tamén na prevención, no apoio ás familias...

Vaian pois estas palabras en recoñecemento de quen fan posible Sarela, desde o traballo profesional e desde o compromiso social voluntario, e como convite para ir alén de recibir os beneficios en termos de servizo pola acción do centro e implicarse na asociación, un xeito ao cabo, xa volo contei, de ser mellores, de facer unha sociedade mellor.

*Por Concha Otero Sigüeiro
Familiar de Afectado.*

NOVAS DE INTERESE

DÍA DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

Con motivo da celeración o día Dano Cerebral Adquirido o 26 de Outubro, Sarela e as demais asociacións membros da Federación Galega de Dano Cerebral Adquirido temos preparado unha serie de actos conmemorativos para o día 3 dese mesmo mes. Peregrinación dende o monte do Gozo; misa na catedral as 12:00 horas, onde os tiraboleiros faran oscilar o botafumeiro, etc.

A celebración rematará cunha gran comida no Restaurante Balboa a cal acudirán os membros das asociacións de FEGADACE. Enviarase unha nota informativa a tódolos socios, aquelas persoas que están interesadas en participar deberan de notificarlo a Sarela.

PARTICIPACIÓN

Sarela garda un espazo para todas aquelas persoas que queiran participar na elaboración do noso boletín. Refleccións, cartas, contos, novidades, etc, estades todos combidados, as vosas publicacións sairán no boletín cuatrimestral de Sarela.

XA DISPOÑEMOS DA LOTERÍA DE NADAL:

**N^{os.}: 73.963 - 52.854
e 01.586**

OS NOSOS COLABORADORES



Agradecemoslles a súa colaboración e apoio aos nosos proxectos, esperando que continúe en vindeiros anos. Grazas.